



CONCELLO DE  
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3  
15830 Negreira  
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328  
[www.concellodenegreira.gal](http://www.concellodenegreira.gal)  
[concello@concellodenegreira.es](mailto:concello@concellodenegreira.es)

## **BANDO DE ALCALDÍA**

**DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA  
(A Coruña)**

Comunico a todos/as os/as veciños/as, que debido a proximidade de Semana Santa, entrarán novas medidas en vigor as 00.00 do venres 19 de marzo:

- Mobilidade reducida ao límite dos Concellos co mesmo nivel; Galicia pechada perimetralmente.
- Peche as 21.00 h da hostelería e restauración, permitindo un aforo interior do 50%, e ata un 75% en terrazas dos mesmos. Recollida en local ata as 21.30h. Reparto a domicilio ata as 00.00h.
- Reunións de ata 4 persoas non convivintes en espazos públicos pechados, e 6 en espazos públicos abertos. Prohibidas as reunións de non convivintes en domicilios.
- Comercios, academias, centros privados de ensino non regrado e centros de formación, limitados a un aforo do 50%.
- Velatorios ata un máximo de 10 persoas por túmulo, e 25 no exterior.
- Enterros ata un máximo 25 persoas.
- Toque de queda de 22h a 6.00h.

Este Concello de Negreira tamén quere recordar a toda a veciñanza que é imprescindible cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr e evitar a transmisión do Covid-19:

- Usar máscara, que é obrigatorio en tódalas circunstancias.
- Lavar as mans con frecuencia ou usar as solucións hidroalcohólicas.
- Evitar as aglomeracións, reunións e actos sociais.
- Se presenta síntomas (febre, tos, dor de cabeza, perda de olfato e gusto,...) quedar na casa e contactar vía telefónica co médico de atención primaria.

O concello pide á veciñanza que continúe colaborando na loita contra o virus e siga as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Consellería de Sanidade e do Concello de Negreira.

No caso de ter algún síntoma contactar co teléfono de información para a cidadanía  
**900 400 116**

Para máis información **[www.coronavirus.sergas.gal](http://www.coronavirus.sergas.gal)**

Negreira, 18 de marzo de 2021

O alcalde  
Manuel Ángel Leis Míguez